

Webs Dinámicas: Información sobre a actualización das aulas virtuais á versión 2.6 de Moodle.

- A elección da versión 2.6 de Moodle ven dada porque as superiores requiren da versión 5.4 de PHP, pero moitos dos módulos que temos instalados no Drupal 6 da páxina web non son compatibles con esta versión de PHP. Así que non podemos pasar da versión 5.3 de PHP e polo tanto non podemos subir da versión 2.6 de Moodle.
- Algúns dos módulos que tiñamos instalados na versión 1.9 de Moodle non existen para Moodle 2.6. Para aquelas actividades destes módulos que queden inaccesibles, a información non se perde, permanece na base de datos, e os docentes que precisen recuperala poden solicitála. Son os seguintes, e indicamos qué facemos ou podemos facer para cada un deles:
 - **Exercise.** As actividades existentes deste tipo quedarán inaccesibles logo da actualización. Este tipo de actividades ven a ser parecido ao de Tarefa polo que se poderían volver a configurar facilmente. Son moi poucos os centros que teñen algunha actividade deste tipo.
 - **Flashvideo.** O proceso de actualización convérteas automaticamente en recursos de tipo ficheiro. Con isto pérdese a parte de participación do alumnado, pero os vídeos seguirán sendo accesibles.
 - **Lams.** Non se atopoi ningunha actividade deste tipo en ningunha das aulas virtuais do proxecto, pero se aparecera algunha poderíase recuperar a información e entón ver como utilizala.
 - **Webquest.** Este é o caso máis problemático xa que hai un número considerable de actividades deste tipo, aínda que moitas delas son simplemente probas, seguramente feitas durante cursos de formación. Para as actividades que si sexan de utilidade para o profesorado o que se pode facer e recuperar a información de cada actividade para manualmente compoñela noutro tipo de recurso ou actividade.
- Quitando o mencionado no punto anterior, as aulas virtuais conservarán todos os seus usuarios, cursos, recursos e actividades, asignación de papeis, cualificacións, etc. É dicir, é unha actualización do software pero conservando a configuración e os contidos.
- Ata a versión 2.2, Moodle conserva o módulo de actividades tipo Tarefa con catro modalidades: Actividade fora de liña, Texto en Liña, Envío de un ficheiro, e Actualización avanzada de ficheiros. A partir da versión 2.3, estes catro tipos intégranse nun único tipo de actividade Tarefa que segundo se configure simula o comportamento dos catro tipos anteriores. Moodle 2.6 incorpora unha ferramenta para converter as actividades de tipo tarefa antigas (das catro modalidades) en actividades do novo módulo Tarefa conservando toda a súa información (configuración, cualificacións, envíos do alumnado,...), en Administración do sitio: Axudante de anovación de tarefa. No proceso de actualización estamos a executar a conversión de todas as tarefas existentes ao novo formato e desactivamos o módulo antigo (Tarefa 2.2). Fácemolo para que se deixe de utilizar un módulo que no futuro tenderá a desaparecer e tamén para unificar o xeito de traballar de todo o profesorado e así facilitar a documentación e asistencia que se ofrece ao profesorado.
- Logo da actualización da aula virtual dun centro, a URL de acceso á mesma cambia tendo que engadir un 2 á palabra aulavirtual, así, se por exemplo a dirección era www.edu.xunta.es/centros/ceipfrions/aulavirtual/, logo da actualización será www.edu.xunta.es/centros/ceipfrions/aulavirtual2/. Durante o proceso de actualización faise unha búsqueda na páxina web Drupal do centro, de enlaces que apunten a aula virtual ou a recursos dela e modifícanse segundo o anterior para que continuen funcionando. Se o centro ten enlaces á aula virtual ou a recursos nela desde sitios fora da web do proxecto, estes deberán ser modificados manualmente. De tódolos xeitos, segerase podendo acceder por 'aulavirtual' xa que se fai unha reescritura automática para 'aulavirtual2' pero convén mudar os enlaces antigos.
- Ademáis do cambio anterior na URL, na nova versión, todas as comunicacións coa aula

virtual fanse de xeito cifrado polo protocolo HTTPS.

- Durante o proceso de actualización da aula virtual, esta debe estar fora de liña para que ninguén traballe nela durante o proceso. Antes de iniciar esta actualización faise unha copia de seguridade da base de datos do centro que inclúe os datos de Drupal, de Moodle e de Coppermine (Galería). No caso de que a actualización non teña éxito, hai que voltar atrás deixando a aula virtual tal como estaba. Para isto hai que restaurar a copia de seguridade da base de datos, o que deixará no estado previo á actualización non só os datos da aula virtual senón tamén os de Drupal e os da Galería. Por este motivo, durante o proceso de actualización as tres aplicacións deben permanecer fora de liña para que ningún usuario modifique o seu contido xa que estas modificacións se perderían no caso de voltar atrás a actualización da aula virtual. O proceso de actualización para un lote de centros leva dous días de traballo máis a noite anterior na que se fan as copias de seguridade.